

Campamentos Deportivos 2015

O Concello de Oza Cesuras informa de que a Deputación Provincial da Coruña convoca unha nova edición de Campamentos Deportivos: Equitación, deporte de aventura, kaiaks, paseos en barco, orientación, piragüismo, tenis, fútbol 7, baloncesto, voleibol praia, capoeira, hip-hop, etc. Este ano, como novidade, engádese unha semana adicada ós máis maiores, que mesturará talleres de inglés (listening, speaking, reading and writting), xunto co deporte.

GRUPO A: Nados nos anos 2005, 2004, 2003, 2002 e 2001, desde o 5 ó 11 de xullo

GRUPO B: 2000, 1999 e 1998

Lugar: Colexio Calvo Sotelo da Coruña

Réxime: Pensión completa.

Data límite de inscrición: 29 de maio

Prazas concedidas: 8.

As persoas interesadas deberán cubrir a folla de inscrición e darlle entrada no rexistro do concello, poderán facelo en calqueira das ubicacións: Lois-33 ou en Forte-Bragade, 1.

No caso de haber máis solicitantes que prazas, celebrarase un sorteo público na sede de Oza ante o secretario o día 1 de xuño ás 12.00 horas, no relativo aos solicitantes do GRUPO A. No caso dos solicitantes do GRUPO B, o sorteo realizarase na Deputación Provincial, entre os inscritos nos distintos concellos.

COTA DE INSCRICIÓN: Unha vez que o Concello confirme a obtención da praza, deberase realizar o ingreso de 85 €, na conta que no seu momento se sinale.

Para máis información poden dirixirse ós servizos sociais do concello, chamar ó teléfono 981792000 (Ext.3-Estela) ou acceder á páxina web www.dicoruna.es/deportes/actividades.